

1ª. Lee este artigo e resposta as cuestións propostas ao dorso



Cigarreiras na fábrica da Coruña nos anos 20 do século pasado.

—Análise 14 DE MARZO DE 2024 NÓS DIARIO

LEE o texto e resposta
as preguntas do dorso →

As pioneiras da loita obreira



Montse Fajardo

Xornalista e escritora
especializada en memoria
histórica

Neste mes en que se conmemora tanto o Día Internacional da Muller como o da Clase Obreira Galega, é bo botar a vista atrás e lembrar a teimosía empregada polas traballadoras do país no intento de equiparar os seus dereitos aos dos seus compañeiros varóns. Nunca foi doado. O século XIX comezou coa cabeza de Antonia Alarcón inserida nunha pica, —en castigo á súa participación no motín do Arsenal de Ferrol que esixía que as arcas estatais minguadas pola guerra da Independencia fixesen fronte a tantos salarios da vila vinculados co exército ou o naval— e rema-

tou con ducias de traballadoras incorporándose ao incipiente movemento obreiro.

Eran, sen dúbida, as máis necesitadas de melloras pois se malas eran as condicións dos homes, peores eran as súas. Agardaban por elas postos pouco cualificados e horarios interminábeis que se agudizaban en colectivos feminizados como a conserva, onde a xornada se iniciaba e remataba a golpe de campá, co ritmo marcado polo atraque dos barcos pesqueiros.

Sindicalismo feminino

Por Dionisio Pereira e Eliseo Fernández sabemos que, pouco a pouco, as galegas foron incorporándose aos sindicatos, en maior medida na costa que no interior. Xa en 1900, unhas 600 pescantinas da área de Vigo crearon unha sociedade de resistencia de tendencia socialista, e nove anos despois, as estibadoras ferrolás agrupáronse nun colectivo que eximía de cotas e prestaba axuda colectiva ás traballadoras que enfermaban. Axiña empezaron tamén a sindicarse mulleres das minas de Lousame, Viveiro ou O Freixo,

— Nalgúns sectores chegouse a prohibir o emprego feminino para evitar o paro masculino

da fábrica tudense de galletas La Peninsular, das obras das estradas de Negreira e Verín, da cerámica da Guarda e Monforte ou da administración ourensá.

Iso si, a maioría dos colectivos femininos foron gobernados por homes, por iso cabe destacar o papel que Benigna Martín xogou á fronte das empacadoras viguesas, Amalia Fraguela no grupo anarquista La Antorcha de Narón, Josefa Martínez nas augadeiras ferrolás, Carmen Vilas Veiga nas estibadoras de Marín ou Amparo Fojo nas ferrolás, sendo este o único caso coñecido dunha operaria que naquel tempo negociaba directamente co patrón.

Tampouco se pode falar de sindicalismo feminino sen nomear as cigarreiras coruñesas que, en 1916, crearon a Unión Tabacaleira, de corte socialista, e dous anos despois a anarquista Nueva Aurora. Non era a súa unha loita nova. En marzo de 1831 máis de dúas mil operarias concentráronse coas súas familias ante a fábrica da Palloza para protestar pola redución de ingresos que provocaran a carestía de traballo e a forma de organizalo,

e varias delas acabaron detidas ou fuxidas ata que as indultou a daquela rexente, María Cristina.

II República

Dúas décadas despois, en 1857, volveron mobilizarse contra a maquinaria que, ao seu entender, lles quitaba traballo, e aínda que a destrución dalgúns dos aparellos provocou a intervención do exército e un xuízo contra 22 cigarreiras, a dirección da fábrica acabou aceptando prescindir da tecnoloxía e contratar nova man de obra feminina.

Seguirán os seus pasos as teceadeiras, que protagonizan unha folga en 1908, e ata a Igrexa e os sectores de dereitas empezan a empregar o activismo feminino como barreira contra os avances do laicismo e o anticlericalismo, a través dun sindicalismo católico que non logra competir coas agrupacións de clase pero que ten moita afiliación en zonas como Compostela.

É o limiar da implosión do sindicalismo feminino durante a II República. Mais é importante lembrar, mesmo para entender as reaccións que o feminismo ten que aturar na actualidade, que xa daquela os obreiros amosaron reticencias aos avances das súas compañeiras e así, o apoio que lles tiñan amosado elas aos varóns –por exemplo, as cigarreiras á folga dos fieltos– non tivo reciprocidade. Todo o contrario.

Os obreiros acusábanas de incompetencia desleal por ter salarios menores e esixían ao goberno que lles subise os soldos a eles para que as súas mulleres non tivesen que traballar fóra da casa. Nalgúns sectores chegouse a prohibir o emprego feminino para evitar o paro masculino, e foron eles os que accederon en exclusiva aos postos mellor pagados. Practicamente os únicos dereitos que logran elas foron aqueles vinculados ao seu papel de nais, como dispoñer dun tempo para aleitar as criaturas.

Por suposto, todo vai a peor tras o golpe de Estado de 1936 e o sindicalismo feminino terá axiña que chorar as mortes de sindicalistas como Josefa Barreiro, Pilar Fernández Seijo ou Josefa Gómez Mera, mais de xustiza é lembralas a todas, pois todas padeceron a consecuencia dunha loita que nos abriu camiños ás que viñemos detrás.

- 1ª. En que actividades atoparon emprego as mulleres citadas no texto?
- 2ª. Que tipos de sindicatos se mencionan neste texto?
- 3ª. Procure información sobre eles: obxectivos e formas de actuación.
- 4ª. Como eran as condicións laborais das mulleres en relación coas dos homes?
- 5ª. Pregunta como son as condicións laborais a mulleres da túa familia que traballan en conserveiras.